

Técnicos Forestais —o ámbito do cal abrangue agora o resto do territorio nacional— fai necesaria a creación por lei do Consello Xeral correspondente, de conformidade co establecido na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, cando nunha determinada profesión haxa varias organizacións colexiais de ámbito territorial inferior ó nacional; e de acordo tamén coa Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico, que require lei do Estado para a constitución dos Consellos Xerais de Colexios Profesionais.

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Medio Ambiente.

Disposición transitoria primeira. *Comisión xestora.*

1. Ó entrar en vigor esta lei constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios de enxeñeiros técnicos forestais existentes no territorio nacional.

2. A Comisión Xestora elaborará, no prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais, nos que se deberán incluí-las normas de constitución e funcionamento destes órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Unha vez obtida a conformidade de tódolos colexios, os estatutos provisionais remitiráselle ó Ministerio de Medio Ambiente, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais.*

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituían os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos xerais provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Forestais elaborará os estatutos previstos no artigo 6.2 da Lei de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministerio de Medio Ambiente.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

20063 *LEI 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.* («BOE» 242, do 9-10-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a presente lei, a sociedade española réndelle tributo de honra a cantos sufriron a violencia terrorista. Os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado —por unanimidade— queren facer desta iniciativa unha expresión de recoñecemento e solidariedade para ofrecerlles ás vítimas do terrorismo a manifestación de profunda homenaxe que, sen dúbida, merece o seu sacrificio.

As vítimas do terrorismo foron, coa súa contribución persoal, o expoñente dunha sociedade decidida a non consentir que nada nin ninguén subverta os valores da convivencia, da tolerancia e da liberdade. Por iso as vítimas constitúen o máis limpo paradigma da vontade colectiva dos cidadáns a prol dun futuro en paz que se ten de construír desde o diálogo, o consenso e o respecto recíproco entre as diversas opcións políticas que ostentan a representación lexítima da cidadanía.

A recuperación da democracia afirmou un proxecto de convivencia decidido a supera-los vellos conflitos da nosa historia. Un proxecto asentado no respecto á lei, á vontade popular e ó libre e pacífico exercicio de calquera reivindicación política. Nada, pois, xustifica o uso de ningunha forma de violencia nin cabe argumento para que uns poucos quebrasen a paz.

Sen embargo, hoxe as expectativas dun mañá sen violencia teñen un horizonte máis esperanzado ca noutros momentos. Este é, sen dúbida, un logro colectivo do conxunto da nosa sociedade e do que só esa sociedade é o seu auténtico protagonista. Por iso mesmo, nese contexto, a referencia ás vítimas suporá sempre o incontrovertible lugar de encontro no que facer converxer tódolos demócratas desde a pluralidade e desde a natural diferenza ideolóxica.

Durante as dúas últimas décadas o Estado prestou unha singular e constante atención cara ás vítimas do terrorismo. Nos últimos vinte anos a acción de tódolos gobernos democráticos orientouse a definir normativamente un amplo sistema singular de protección. Paralelamente a acción dos tribunais foi depurando as responsabilidades derivadas de feitos que estarrecen a calquera sensibilidade mesmo que quedan pendentes aínda numerosos delitos por esclarecer. A actuación da Xustiza vertebrouse a través de sentencias nas que, xunto ás penas correspondentes a espantosos e cegos delitos, se recoñecen e establecen indemnizacións diversas a favor das vítimas ou das súas familias que, sen embargo, nunca foron satisfeitas ata agora. Por iso a presente lei non pretende mellorar ou perfecciona-las axudas ou prestacións outorgadas ó abeiro da lexislación vixente, senón facer efectivo —por razóns de solidariedade— o dereito dos damnificados a seren resarcidos ou indemnizados en concepto de responsabilidade civil, subrogándose o Estado fronte ós obrigados ó pagamento daquelas. Isto non obstante, a lei estende tamén a súa protección a tódalas vítimas do terrorismo, tanto se estas tiveron recoñecido o seu dereito en virtude de sentenza firme como naquéloutros supostos nos que non concorrese tal circunstancia.

Non se trata de substituí-la dor padecida polas vítimas polo efecto dunha mera compensación material porque iso resultaría, de seu, inaceptable. A dor das vítimas é —e será para sempre— un testemuño que debe servir para que a sociedade española non perda nunca o sentido máis auténtico do que significa convivir en paz. Para as vítimas só o desterro definitivo da violencia pode chegar a se-la súa única posible compensación. Os que en si mesmos soportaron o drama do terror pídenos a todos que sexamos capaces de lograr que a intolerancia, a exclusión e o medo non poidan substituír nunca a palabra e a razón.

Esta lei é, pois, expresión do acordo do conxunto dos representantes lexítimos dos españois para contribuír a que a paz sexa froito da conciliación e da xustiza e para que as vítimas do terrorismo reciban, máis unha vez, a manifestación de respecto, admiración e afecto que por sempre lles terá de gardar e lles gardará o noso pobo.

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante a presente lei, o Estado rende testemuño de honra e recoñecemento ós que sufriron actos terroristas e, en consideración a iso, asume o pagamento das indemnizacións que lles son debidas polos autores e demais responsables de tales actos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As vítimas de actos de terrorismo ou de feitos perpetrados por persoa ou persoas integradas en bandas ou grupos armados ou que actuaran coa finalidade de alterar gravemente a paz e a seguridade cidadá terán dereito a seren resarcidas polo Estado, que asumirá con carácter extraordinario o aboamento das correspondentes indemnizacións, en concepto de responsabilidade civil e de acordo coas previsións da presente lei.

2. Só serán indemnizables os danos físicos ou psicofísicos sufridos por tales vítimas sempre que os actos ou feitos causantes acaecesen entre o 1 de xaneiro de 1968 e a data de entrada en vigor desta lei.

3. As indemnizacións outorgadas ó abeiro desta disposición concederanse por unha soa vez e non implican a asunción polo Estado de ningunha responsabilidade subsidiaria.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

Serán beneficiarios das indemnizacións previstas no artigo anterior:

1. As vítimas de actos de terrorismo ou de feitos perpetrados por persoa ou persoas integradas en bandas ou grupos armados ou que actuasen coa finalidade de alterar gravemente a paz e a seguridade cidadá.

2. No suposto de falecemento das vítimas:

a) As persoas que fosen designadas habentes-dereito na correspondente sentenza firme ou os seus herdeiros.

b) Cando non recaese sentenza, o cónxuxe non separado legalmente ou, se é o caso, a persoa que viñese convivindo coa vítima de forma permanente con análoga relación de afectividade á do cónxuxe, durante polo menos os dous anos anteriores ó momento do falecemento, agás que tivesen descendencia en común, caso no que abundará a mera convivencia, e os herdeiros en liña recta descendente ou ascendente ata o segundo grao de parentesco. A orde de prelación e os principios de concorrencia dos distintos beneficiarios serán os establecidos no Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo, aprobado polo Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo.

Artigo 4. *Distincións honoríficas.*

1. Co fin de honra-las vítimas do terrorismo, créase a Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo.

2. O Goberno, por proposta do ministro da Presidencia e no prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor da presente lei, aprobará o Regulamento da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo.

3. O Goberno, logo de solicitude dos interesados ou dos seus herdeiros, concederá as condecoracións establecidas neste artigo no grao de Gran Cruz, a título póstumo, ós falecidos en actos terroristas e, no grao de Encomenda, ós feridos e secuestrados en actos terroristas.

Artigo 5. *Requisitos para o recoñecemento das indemnizacións.*

1. Procederá o aboamento ós interesados das indemnizacións reguladas na presente lei:

a) Cando, en virtude de sentenza firme, se lles recoñecese o dereito a seren indemnizados en concepto de responsabilidade civil polos feitos e danos recollidos no artigo 2 desta lei.

b) Cando, sen mediar tal sentenza, se levasen a cabo as oportunas dilixencias xudiciais ou se incoasen os procesos penais para o axuízamento dos delitos. Nestes casos, a condición de vítima ou habente-dereito, a entidade dos danos sufridos, a natureza dos actos ou feitos causantes e os demais requisitos legalmente esixidos poderán acreditarse perante a Administración xeral do Estado por calquera medio de proba admisible en dereito.

2. As resolucións administrativas polas que se lles recoñecese ós interesados a condición de vítimas do terrorismo terán eficacia, en todo caso, para a tramitación e resolución dos correspondentes expedientes administrativos.

Artigo 6. *Cuantificación das indemnizacións e compensacións.*

1. As obrigas asumidas polo Estado, en virtude do disposto no artigo 1 desta lei, esténdense ó pagamento das indemnizacións ou compensacións establecidas por danos físicos ou psicofísicos causantes das seguintes contingencias:

- a) Falecemento.
- b) Gran invalidez.
- c) Incapacidade permanente absoluta.
- d) Incapacidade permanente total.
- e) Incapacidade permanente parcial.
- f) Lesións permanentes non invalidantes.

2. A contía das indemnizacións ou compensacións a que se refire o parágrafo anterior determinaranse da seguinte maneira:

a) Cando exista sentenza firme que recoñeza unha indemnización en concepto de responsabilidade civil, ben sexa por falecemento ou por danos físicos ou psicofísicos, aboarase a cantidade fixada nela, actualizada segundo o índice do valor constante da peseta. Se a cantidade así establecida fose inferior á que se determina para cada suposto no anexo á presente lei, o Estado compensará a diferenza.

b) Cando non exista sentenza firme, ou se esta non recoñecese ou non permitise recoñecer unha cantidade

en concepto de responsabilidade civil por danos físicos ou psicofísicos, aboarase a contía prevista no anexo desta lei.

3. Dentro de cada suposto, as indemnizacións ou compensacións serán de idéntica contía, independentemente do tempo en que o acto ou feito causante do dano tiver lugar.

4. As vítimas de secuestros serán indemnizadas nos termos que regulamentariamente se determinen, sendo a contía máxima que poida corresponderlles a prevista no anexo desta lei para a incapacidade permanente parcial.

5. As indemnizacións outorgadas conforme as disposicións desta lei serán compatibles coas pensións, axudas, compensacións ou resarcimentos que se percibisen, ou que puidesen recoñecerse no futuro, ó abeiro das previsións contidas na lexislación de axudas ás vítimas do terrorismo ou outras disposicións legais.

Artigo 7. *Outras axudas.*

1. As distintas autoridades educativas adoptarán, no exercicio das súas competencias respectivas, as medidas necesarias para asegurala exención de todo tipo de taxas académicas nos centros oficiais de estudos de tódolos niveis de ensino ás vítimas de actos terroristas así como ós seus cónxuxes e ós seus fillos.

2. Con independencia das indemnizacións ou compensacións reguladas no artigo anterior, concederánse-lles ás vítimas dos actos mencionados no artigo 2, axudas específicas destinadas a financiar tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas, sempre que se acredite a necesidade actual deles e non fosen cubertos ben por un sistema público ou privado de aseguramento, ben polo réxime público de resarcimentos ou axudas ás vítimas de actos terroristas.

Artigo 8. *Transmisión da acción civil ó Estado.*

1. O Estado subrogarase nos dereitos que asisten os beneficiarios contra os obrigados inicialmente ó resarcimento como autores dos delitos, de acordo co previsto no presente artigo.

2. Con carácter previo á percepción das indemnizacións establecidas nesta lei, os beneficiarios deberán transmitirle ó Estado as accións civís das que fosen titulares.

3. Se non recaese sentenza firme, a vítima ou, se é o caso, os habentes-dereito transmitiranlle ó Estado a súa expectativa de dereito fundada na futura fixación xudicial de responsabilidade civil.

Artigo 9. *Efectos das distintas situacións procesuais.*

1. Se a responsabilidade civil fose fixada mediante sentenza firme, a vítima ou os seus habentes-dereito só percibirán as indemnizacións previstas nesta lei na medida en que esta responsabilidade non fose feita efectiva.

2. A pendencia ou incoación dun procedemento xudicial sobre os feitos xeradores de responsabilidade civil non será obstáculo para a tramitación e, se é o caso, concesión dos resarcimentos que correspondan de acordo con esta lei.

3. A fixación sobrevida dunha indemnización por responsabilidade civil, en virtude de sentenza xudicial, terá os efectos previstos nos artigos 6.2.a) e 8.1 desta lei. Se a indemnización establecida na sentenza, en concepto de danos físicos ou psicofísicos, fose de superior contía á que percíbese o beneficiario, o Estado aboalle ó interesado a diferenza.

Artigo 10. *Tramitación dos expedientes e recursos.*

1. Corresponderalle ó Ministerio do Interior a tramitación e resolución dos procedementos e o pagamento das indemnizacións que se establecen nesta lei.

2. As persoas que se consideren beneficiarias poderán solicitar, no prazo de seis meses contados a partir da entrada en vigor do regulamento desta lei, a concesión das cantidades que puidesen corresponderlles.

3. O prazo máximo para notificar a resolución das solicitudes será de doce meses. Naqueles procedementos nos que non recaia resolución dentro do prazo sinalado, entenderanse estimadas as solicitudes.

4. A resolución estimatoria ou desestimatoria porá fin á vía administrativa, e poderá interpoñerse contra ela recurso contencioso-administrativo.

Artigo 11. *Relación cos tribunais.*

O Ministerio do Interior poderá solicitar dos Tribunais de Xustiza os antecedentes, datos ou informes que resulten necesarios para a tramitación dos expedientes.

Artigo 12. *Comisión de avaliación.*

Crearase no Ministerio do Interior unha comisión de avaliación que, baixo a presidencia do secretario xeral técnico do departamento e integrada por representantes dos ministerios de Xustiza, de Economía e Facenda, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, elaborará e propondrá as propostas de resolución dos expedientes que se tramiten ó abeiro da presente lei.

Artigo 13. *Exencións tributarias.*

1. As cantidades percibidas como consecuencia das indemnizacións a que se refire a presente lei estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas e de calquera imposto persoal que puidese recaer sobre elas.

2. En particular, as indemnizacións recollidas nesta lei consideraranse prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo, para os efectos da exención prevista no artigo 7.a) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Disposición adicional única.

As pensións de viuvez e orfandade causadas por persoas que tivesen recoñecidas pensións de incapacidade permanente ou de xubilación por incapacidade permanente, derivadas unhas e outras de actos terroristas, terán tamén a consideración de pensións extraordinarias derivadas de tales actos.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor desta lei, e por proposta conxunta dos ministros de Xustiza, de Economía e Facenda, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, desenvolverá regulamentariamente o disposto nela.

Disposición derradeira segunda. *Crédito extraordinario e necesidades orzamentarias futuras.*

1. O Goberno elevará ás Cortes Xerais, no prazo máis breve posible, un proxecto de lei de concesión dun

crédito extraordinario para financiar los pagos previstos a lo largo de 1999.

2. As posteriores necesidades orzamentarias consignaranse nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira terceira. *Normas supletorias.*

No non previsto nesta lei, será de aplicación a legislación sobre resarcimento ás vítimas de delitos de terrorismo ou de bandas armadas, as disposicións sobre subvencións e axudas públicas e, se é o caso, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Indemnizacións por danos físicos e psicofísicos

TÁBOA I

Indemnizacións por falecemento e incapacidades

Supostos	Contía — Pesetas
Falecemento	23.000.000
Grande invalidez	65.000.000
Incapacidade permanente absoluta	16.000.000
Incapacidade permanente total	8.000.000
Incapacidade permanente parcial	6.000.000

TÁBOA II

Indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes

As contías destas indemnizacións serán as que resulten da aplicación do baremo de lesións permanentes non invalidantes establecido pola Lei de responsabilidade civil e seguro do automóbil.

